

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE XANEIRO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e oito de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ e DONA ROSANA RIELO ROZAS. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Manuel Enrique Chain Fernández, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 14 de xaneiro de 2015.

**ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a legalización de acondicionamento de fachada e reforma interior de local comercial na planta baixa do edificio sito en solo urbano na ronda das Mercedes, número 1; para cambio de uso a vivenda de 39,65 m<sup>2</sup> útiles de rocho, ampliando a vivenda 4ªA, no edificio construído con licenza número 701/80, no que queda en baixo cuberta un rocho independente de 17,35 m<sup>2</sup> útiles, na rúa Lamas de Prado, números 175-177 e para a legalización de obras consistentes na recuperación de medianeira, reposición de canlóns e baixantes e a protección de vistas de todo o patio lateralmente con reixa metálica lacada no edificio sito en solo urbano na praza Anxo Fernández Gómez, número 5.

Acórdase a denegación da licenza de parcelamento da parcela sita en Santa Marta de Fixós.

Acórdase a excepcionalidade do cumprimento das normas de habitabilidade de vivendas de galiza 2010, para a actuación de instalación de ascensor no edificio sito na rúa Castelao, numero 70.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local numero 16/668, do 17 de setembro de 2014, de imposición de sanción por infracción contractual moi grave no contrato administrativo de xestión

Código Seguro de verificación: S0y9dQkVLPpEVd3ktWm2Gg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	02/02/2015	
ID. FIRMA	afirma.pro	S0y9dQkVLPpEVd3ktWm2Gg==	PÁGINA	1/2



de servizo público coa empresa correspondente ao servizo de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento.

Tamén se acorda a renuncia á celebración do contrato na contratación da xestión do servizo público de regulación de aparcadoiros na vía pública (ora) no Concello de Lugo.

Así mesmo, acórdase resolución de expediente de incautación de garantía polos prexuízos ocasionados do incumprimento das obrigas contractuais no contrato de seguro de asistencia sanitaria para os empregados públicos e outros do Concello de Lugo.

**3. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de primeira utilización para edificio sito na avenida de Magoi, 32-34.

**Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestrutura e Medio Rural e Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, Manuel Enrique Chaín Fernández.**

Código Seguro de verificación:S0y9dQkVLPpEVd3ktWm2Gg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	02/02/2015
ID. FIRMA	afirma.pro	S0y9dQkVLPpEVd3ktWm2Gg==	PÁGINA 2/2



S0y9dQkVLPpEVd3ktWm2Gg==